

ACTA FINAL DA SESIÓN CELEBRADA POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS EMPREGOS DE CARÁCTER TEMPORAL DE TRABALLADOR FORESTAL PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO (PROGRAMA APROL RURAL)

Na Casa do Concello de Mondoñedo, sendo as oito e trinta e cinco horas do día 27 de xullo de 2021, constitúese o Tribunal cualificador do PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS EMPREGOS DE CARÁCTER TEMPORAL DE TRABALLADOR FORESTAL PARA O CONCELLO DE MONDOÑEDO (APROL RURAL). Remata o baremo ás 8:55 h.

O Tribunal trasládase á finca de titularidade municipal situada en Julia Pardo, s/n, 27740 Mondoñedo (antigo cemiterio municipal) coa fin de realizar a proba de oposición. A proba de oposición comeza ás 09:35 h. e remata ás 10:25 h.

Preside o acto D.^a María Esther Otero González, Responsable da Oficina de Información-Xuvenil. O Secretario do tribunal é D. José Manuel Otero Corral, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, asistindo como vogais, D.^a Sonia María Fraga Otero, Traballadora Social do Concello D. Manuel Alonso Alonso, Empregado da Brigada de Obras e D. Alberto Pérez Cuba, Empregado da Brigada de Obras.

Antes de comezar a proba, realizase o sorteo público da letra a partir da cal, se fará o desempate, no caso de ser necesario, tal e como establece a base oitava de convocatoria, resultando ser a letra "Y".

Unha vez realizada a proba da fase de oposición, advírteselles da realización da proba de galego, polo que os candidatos/as que teñen a obriga de realizala, renuncian ao dereito de que transcorran 48 h entre a proba práctica e a proba de galego, polo que os candidatos que non acreditan contar co Celga 2 de galego, presentanse na Casa do Concello, para a realización da dita proba, que comeza ás 10:45 e rematan ás 11:00 h.:

GARCÍA OTERO, RAMÓN
GÓMEZ RICO, JOSÉ
VEIGA COTO, DOMINGO

Todos eles resultan APTOS, coa salvedade que, o candidato, VEIGA COTO, DOMINGO que participou no proceso selectivo o día 26 de xullo, para o posto de condutor-operador de maquinaria forestal, tamén do programa Aprol Rural, e resultou Apto na proba de Galego, non a realiza no día de hoxe, sendo o seu resultado o de Apto.

Realizada en sesión non pública a valoración dos méritos acreditados polos candidatos admitidos segundo o baremo contido nas Bases da Convocatoria (Base Sétima.-Concurso-Oposición), e logo de realizar aos candidatos/as admitidos/as a proba da fase de oposición e a proba de Galego, segundo o estipulado nas Bases da Convocatoria, obtívose o resultado seguinte:

TRABALLADOR FORESTAL					
Apelidos e Nome	DNI	Cursos	Fase Oposición	Galego	Total
GARCÍA OTERO, RAMÓN	***6290**	0,10	7,50	APTO	7,60
GÓMEZ RICO, JOSÉ	***3626**	0,50	6,50	APTO	7,00
VEIGA COTO, DOMINGO	***4739**	0,00	4,00	APTO	4,00
LORIGADOS RICO, LUCÍA	***4639**	0,00	NP	CELGA 3	NP

NP: Non presentada

Á vista do resultado da baremación, o Tribunal Cualificador acordou propoñer como aprobados para cubrir dous empregos de carácter temporal de traballador forestal (APROL RURAL) para o Excmo. Concello de Mondoñedo a **D. RAMÓN GARCÍA OTERO con DNI ***6290** e D. JOSÉ GÓMEZ RICO con DNI ***4739**.**

E para que conste, aos efectos oportunos, esténdese a presente acta que en proba da súa conformidade asinan os membros do Tribunal Cualificador, e de todo o que, como secretario, certifico.

